

“XA NON CHE QUERO”

Unha vez escribín unha carta que levaba por título “carta que nunca será enviada”. Nesta carta adxuntaba un poema chamado “Pequeno gran Naive”. Entre a carta e o poema eu explicaba que xa tiña superado o valeiro que me provocara que me deixara a miña moza, á que ía adicada a carta e á que nunca lle sería enviada, era, por así dicilo unha carta para min mesmo...

Esta carta era o máis parecido a unha carta de amor de entre todo o que eu teño escrito. Era, por así dicilo coma a canción “Ya no te espero” de Silvio Rodriguez ou coma o poema nº 20 de “Vinte Poemas de Amor e unha Canción Desesperada” de Neruda...Ya no la quiero, es cierto, pero cuanto la quise...Emtrámbolas dúas están adicadas a eses rescoldos de amor que aínda seguen vivos tra-la separación,e a idea evidente de que xa non preciso da súa persoa, da súa presenza.

O poema comezaba: “En lo más profundo del jardín nevado / está la conciencia, firme, eterna y pura/ de haberte querido más allá del tiempo”...e prolongábase varias páxinas, nas que se volvía á nenez para que o peso da relación fose levada pola “nena do branco vestido” e polo” neno

afortunado” E seguía: “En lo más profundo del jardín florido / quizás una niña de blanco vestido /encontró mis pasos, por mi ya olvidados”... e máis adiante:”Ella sin saberlo lo ha visto en sus sueños / de amapolas verdes y lirios maduros /el sol de verano ha tejido al viento / tu blanco vestido, ¡Oh pequeña niña! / vuela entre las dalias de color de fuego /tu firme mirada al sol de la tarde...

Lémbrome tamén de que escribín o poema mentres escoitaba unha música barroca cortesá de Georg Muffat. Titulábase “ Indissolubilis Amicitia” (indisoluble Amizade) e evocábame esa amizade que aínda fica tra-la separación, pero que me chega para min mesmo, non esperando xa nada de ela.

Con todo isto remato a “Carta que endexamáis será enviada”, cunha amizade indisoluble, pero só na miña conciencia e para que te “chinchas”, nunca será enviada, nunca saberás o momento exacto desde o cal “xa non che quero”.

E porque xa non che quero esta será unha carta aberta ó desamor e dirixida o todo aquel que poida escoitarme, ou máis ben lerme. Adicarei a miña carta á poesía, a habilidade que quero conservar ó longo de toda á miña vida, e a que, polo contrario do que poida suceder, non utilizo como catarsis, senon que son tan só os meus sentimentos o que a guían, cando

non ás veces os recordos da infancia ou a realidade nacional da nosa terra, soñando con esa Noite Estrelecida ou esa noite crara de luar que aparecerá tra-la estrela vermella que nos guía. É por iso unha historia de Amor, de amor á terra porque cara os seres queridos apodrecéuseme o agarimo: E o amor do que non espera nada por troco e que xa non escribe cartas de amor pero que escreverá esta con dilixencia e convicción:

Querida poesía:

Cada mañán degoiro a túa presenza,(desde que me ergo enches da cor crara dos recordos os meus pulmóns,) i é o teu corpo feito de frases e de letras, desas vocais abertas e sen nome ás que nunca lles pos til cando o merezan, é ese corpo, sen máis beneficio que a beleza que en cada verso desta carta fica escrito o que eu procuro palpando por entre as tebras, i é o que me anima a seguer por esa senda do cotián loitar contra as inxurias que en contra de Galiza eses escuros, féridos e duros a nosa voz non entenden... É por iso, o meu amor por ti, unha poesía un egrexo final, un canto dooroso, a razón do Ser na lonxanía... I é ese solitario amor o que de humano ten unha poesía; O que, tra-lo teu rastro, sempre me conduce a ti, neses días, que no olvido, as grises cinzas dun queimado papel o seu tizne preto ofrécenlle ó porvir, zicais confuso, pero de certo será ese o noso futuro como o ar limpo que na mañán crara e co dooroso

folgo do solpor, e co seu canto, porame preto de ti e ó teu carón :
¡Amada poesía! ,! ¡Amada terra nosa!.

E porque amar é de valde eu decátome de canto eu ameí no meu pasado. Pero o pasado é xa historia. Por iso decateime de súpeto: Eu perdín o meu **pasado**, coma se ó toca-los teus seos tivera saído de onde reina a memoria, de onde converxen as liñas de ese horizonte que en contra do azul do ceo é o olvido; Aló onde converxe o ceo ca mar, xorde este poema polo olvido entretecido e por toda materia desexado, para facer voar as túas bágoas de Outono, até que na primavera se derretan nese caprichoso azul do ceo que son as nosas vidas. Ese capricho que culmina co noso amor deste poeta que ama á súa poesía e lembra tan só a dúas rapazas na súa vida : “Xa non che quero, é certo, pero canto che quixen” ou debería dicir “ Xa non vos quero...” parafraseando a Neruda.

O certo é que ese amor pervive no pasado, pervive coma un ledo e agarimoso recordo , i eu pregúntome, ¿ Qué é un recordo? , ¿Qué son eses recordos, que guían a miña vida aínda que agora xa sexa autosuficiente e teña todo superado...Pois un recordo é agarima-lo tempo até que xorda un lamento. É perde-lo pasado, é pisar no Outono as follas mortas aínda que eu xa non pasee acompañado. É tocar os teus seos, É desafiar ó azul do ceo...

E ti me preguntas ¿ Qué é un recordo? , i eu respóstoche: É a vida,o mencer, a noite preta, é chorar fitando ó universo, é a sicixia dos astros, é unha terra onde sempre é primavera, é ese misterio que ca erma lúa maniféstase, é un eido de amorodos, é coma se as ninfas dotaran de folgos vitais ó húmido barro. I eu pensó, en fin, é un soño tra-lo cal xa non hai nada.

Así pasaron os anos, e cando estou triste, pensó na baixamar e no solpor. Lonxe fican os seráns no castro de Baroña mirado o solpor ou facendo ofrendas frorais cos amigos que hoxe por hoxe me deixaron. Así cando o sol dos meus recordos se púxo e a baixamar chegou ca noite, a lúa semella me atacar, desafíame...I eu coma un tolo a miro porque con ela foise o silandeiro mundo da noite, que tamén deixou un vívido perfume, tras de si, e co solpor , cando a luz deixe de habitar entre nós e máis aló do día, da mañán, e da propia baixamar, morrerei en silencio porque ca baixamar eu irei a navegar río arriba nos meus recordos até que non sexa máis que un esquelete, un desfeito, unha apodrecida caaveira,...

Así entre a desamor, os recordos, e o olvido deitome en silencio e escoito o meu propio corazón, a miña respiración, e pensó: ¡Como disfrutaba as noites de amor mentres vos tiven!, únicas froles silvestres do meu corazón que hoxe están noutro xardín...Tan só quixera, que un día

entre tantos, aparecera outra “deusa”, que me levara á súa cama, non me importaría onde a tivese coñecido, tan só quería que abrise unha fiestra na nosa acartonada existencia para, á nosa maneira querernos, iso é todo, unha noite de amor nunha década de sequía e severidade. Unha explosión das máis vivas cores coma ese caleidoscopio ou esa unha cola de pavo real aberta cando o climax chegue os amantes... Así, entre desamor e desamor , habería unha illa loubada, onde amar de novo, unha illa loubada para os novos recordos que tamén estarán abocados de novo ó olvido. Como escribía Cunqueiro en “Cantiga Nova que se chama Ribeira” Hai unha illa loubada/ alá no fondal do mar/ten bois do color do tempo/e pastoras de cristal. Unha doutra maneira de sublima-lo amor , que mellor que unha illa que: Ten lúa nova e crecente/ e ollos para dicir ai lá/ Ou despois : E ten un cabelo novo,/ hai amor que pelo ten/ Cheiro profundo de alga / e sabor limpo de mel. Alude ós sentidos, o tacto se o amor toca o pelo, gosto (O mel), e o cheiro (De algas)...I é que o amor é intemporal e fica, nunha poesía escrita nos anos 30 do século XX, coma mesmo agora.

Fica pouco para rematar esta carta, que en vez de “non ser enviada nunca”, será enviada por correo electrónico ó concello de Narón, para participar no Concurso De Cartas De Amor 2010, cá intención de encher ese valeiro emocional que todos temos e que se verá mitigado por unhas

palabras amigas, unhas liñas de amor, que por así dicilo, están entre o que
escreve e os lectores e que espero que pervivan no recordo coma se
dunha poesía se tatase.